



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE MARZO DE 2020, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
(Escusa asistencia)	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN
(Escusa asistencia)	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas de marzo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (23/02/2022)**

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 23/02/2022 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Dar conta da aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2021.**

Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2021, aprobada por Resolución da alcaldía núm. 134/2022 do 25/02/2022 (Expdte: 2022/G003/000142) que se transcribe a continuación:

**Antecedentes.**

Consta no expediente 2022/T019/000001

- Providencia da alcaldía do 16 de febreiro de 2022, de incoación do procedemento para a aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2021.
- Informe da secretaría do 24 de febreiro de 2022 en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.



- Informe da intervención do 25 de febreiro de 2022, de conformidade co esixido no artigo 191.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Informe da intervención do 25 de febreiro de 2022 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do cumprimento da regra de gasto e da débeda pública.
- Informe-proposta da secretaría do 25 de febreiro do 2022.

### **Fundamentos xurídicos.**

De conformidade cos artigos 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesouraría Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións. As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos, en base as atribucións que me outorga a lexislación vixente:

### **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio económico 2021 cos estados que forman parte do expediente de liquidación, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local, incorporando a esta resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da entidade:

- Resultado orzamentario axustado negativo de -79.811,53, o que supón unha situación de déficit derivada da execución do orzamento do exercicio 2021.
- Remanente de tesourería para gastos xerais negativo de -426.197,56 € o que amosa unha falta de capacidade económica (liquidez) para facer fronte ás obrigas contraídas.
- Incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.
- Incumprimento do obxectivo da Regra do Gasto, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio.
- Cumprimento do límite de débeda segundo o artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de acordo co establecido nos artigos 193.4 del Texto Refundido de la Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro: Remitir copia da mesma a través da plataforma da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas entidades locais, antes de finalizar o mes de marzo de conformidade co establecido na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Pleno dáse por informado.



**3º.- Acordo, se procede, sobre moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ao plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021. (Expdte: 2022/X998/000031)**

Dáse conta da moción cuxa parte dispositiva di:

“1. Instar á Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia, neste ano 2022, a avaliación do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021. Cos resultados da avaliación dese primeiro plan, presentarase neste mesmo ano 2022 un novo para o período 2022- 2025 con medidas concretas para este ano acompañadas do seu correspondente orzamento.

2. Adoptar/incrementar no noso concello aquelas medidas que poidan favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, previo estudo económico correspondente.

3. Impulsar no marco das competencias municipais medidas de sensibilización e fomento da corresponsabilidade nos coidados e tarefas domésticas, encamiñados á concienciación da necesidade de variar os roles e estereotipos tradicionais e cubrir as necesidades de atención e coidado.”

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que como mencionaba no pleno pasado, o motivo é polo día do 8M. Cre que teñen que seguir insistindo neste tema, en que é a muller a que asume a maior parte dos coidados. Estas medidas que se queren implantar con este plan son para axudar a esas mulleres que, ou ben por motivos laborais ou ben por estar todo o día con eses coidados, poidan eses momentos de lecer.

Solicita que dende o concello se acceda e implanten esas medidas e espera que cheguen fondos destas medidas.

Solicita o voto a favor.

A Presidencia di que en relación ao punto primeiro da moción, en vez de dicir “no segundo trimestre”, que se refira a todo o ano 2022. No resto da moción están de acordo.

Anuncia o voto a favor da moción, con esa modificación. Cre que en Vedra, xa dende gobernos anteriores, se ten apostado pola conciliación e política de igualdade. Hai técnicas moi sensibles a isto e que traballan ben na busca de financiamento e recursos para por en marcha este tipo de políticas de igualdade e conciliación.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que o seu grupo votará a favor.

A voceira do PSdeG-PSOE di que non hai problema algún en modificar a moción no que se refire ao tema dos prazos.

Posta a votación, apróbbase por unanimidade.



**4º.- Acordo, se procede, sobre moción do grupo municipal do BNG para a remunicipalización do Servizo de Axuda no Fogar. (Expdte: 2022/X998/000029)**

Retírase para debatela no vindeiro pleno.

**5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á xustificación da Presidencia en ocasións, di que é unha opinión.

2º.- Sobre se o concello recibiu ou recibe fondos da Xunta de Galicia para poñer en marcha medidas contempladas no plan de corresponsabilidade, a Presidencia contesta que en principio a través do programa Conxuga da Xunta de Galicia, dende hai bastantes anos recíbense unha serie importante de fondos, uns 15.000 € anuais, e o resto pono o concello. Están á espera duna plan de corresponsabilidade estatal que virá a través das comunidades autónomas e intentarán acceder a eles.

3º.- Respecto a se houbo algunha modificación ou supresión de frecuencias no concello respecto do Plan de transporte, a Presidencia di que non.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que non se están cumprindo os horarios no colexio. Hai algún autobús que se retrasa dez minutos e iso é consecuencia de como se adxudicou o novo plan de transporte.

A Presidencia di que se hai unha problemática concreta terá que haber unha reclamación concreta. Ao concello non chegou ningunha reclamación. Non ten problema en preguntar á dirección do CPI. A día de hoxe non lle consta nada en relación co transporte escolar.

4º.- Sobre a ausencia de concelleiros ás sesións plenarias, a Presidencia di que é unha opinión.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que non cre que sexa unha opinión, senón que a asistencia é obrigatoria. Pregúntalle ao Sr. Secretario se por asuntos de traballo é xustificable a ausencia ás sesións do pleno.

O Sr. Secretario di que por asuntos de traballo sempre son xustificables as ausencias, en canto que os concelleiros non viven disto, e ademais as ausencias dos concelleiros son moi puntuais.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se a asistencia a pleno é obrigatoria, se as empresas teñen a obriga de darlle ao concelleiro/a o tempo necesario para ocuparse das súas obrigas como cargo público.

O Sr. Secretario di que visto así, e poñendo a mesma regra para todos, debería ser así, pero como todos comprenden non todas as empresas son iguais nin as situacións de traballo son todos os días iguais.



A voceira do PSdeG-PSOE cre que iso é algo que os concelleiros/as teñen que facer valer diante das empresas.

5º.- Respecto ao funcionamento do punto limpo, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que a empresa non é a mesma. A que estaba antes era Coregal, que era a que xestionaba o punto limpo ata xaneiro de 2021. Facíao mediante un convenio de colaboración que tiña data de finalización e non quixo renovar por motivos económicos.

Buscouse unha alternativa e asinouse un novo convenio de colaboración coa empresa Ampro Servicios Ambientais.

6º.- Sobre a publicación do manifesto do 8 M no boletín de marzo, di que xa se fixo.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a se vai haber algún obradoiro de emprego no concello ou Vedra vai participar en obradoiros que leven outros concellos, a Presidencia di que están abertos os prazos. En canto ao obradoiro dual, que está co prazo aberto, están dialogando cos concellos da comarca vendo as vantaxes e inconvenientes de participar neles e aínda non hai ningunha decisión tomada. Dependendo da decisión adoptada contestaralle no pleno de abril.

Hai outros obradoiros como o de garantía xuvenil do que forman parte os concellos de Boqueixón, Vedra e Teo. É de formación en novas tecnoloxías e está en marcha en Oza.

2º.- Sobre dos cursos na aula Cemit, di que van con retraso e a ver se comezan agora con eles en abril. Nestes días viñeron técnicos da Xunta a facer a migración para fibra.

3º.- Respecto á reunión da comisión de igualdade, di que está fixada para o luns 4 de abril pola tarde.

#### **6º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta se se retirou o vertido de residuos sólidos que había en Laraño nun regato.

2º.- Respecto ao cultivo de viñas no concello, pregunta cal é a operativa que ten que seguir a persoa ou empresa interesada que queira facer un cambio de cultivo no concello. Pregunta se existe algún control por parte do concello.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- No tema do transporte, o grupo socialista refírese a incidencias que ocorren no CPI de Vedra coa liña número 5 que chegaba sempre tarde porque Monbús solapaba moitos horarios e chegaban por rutina quince minutos tarde durante unha boa temporada. Vense na obriga de pedir a mediación do concello sobre a liña que vén de San Xián porque leva desdoblada catro ou cinco anos. Esa liña necesita outro reforzo, porque os nenos de San Xián madrugan moito e chegan á casa moi tarde.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



--O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita que se arranxe a marquesiña de San Fins que rompeu despois dun accidente porque os días que chove os rapaces móllanse.

2º.- Pregunta cando se vai arranxar a pista en Outeiro en Vilanova que se estragou coas escorregas dos viñedos e quen o vai facer, se os donos dos viñedos ou o concello.

3º.- En San Fins e San Xián non está a funcionar ben o servizo de correos, xa que teñen que andar os veciños a repartir as cartas uns a outros.

4º.- Pregunta se a empresa que está a prestar o servizo do SAF está a cumprir todas as melloras.

5º.- Pregunta cantos cartos por parroquia leva investido o concello nesta lexislatura.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Reitera a pregunta do PSdeG-PSOE sobre a retirada do escombros en Laraño.

2º.- Respecto ao transporte, en moitos concellos está pasando que, como Monbus leva todo, o que fai é apurar os horarios entre as paradas aos traballadores, e iso obriga aos usuarios a ir con présa. Pregunta se en Vedra está pasando o mesmo.

3º.- Pregunta que porcentaxe de persoas de Vedra hai nese obradoiro de garantía xuvenil.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos.